

O Alcalde de Vigo

Sr. D. Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia
Edificios Administrativos – San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

Vigo, 5 agosto de 2019

Estimado presidente:

Nas últimas eleccións municipais a cidadanía de Vigo deu o seu apoio a un proxecto en pleno desenvolvemento na cidade cunha lista, encabezada por min, que obtivo un resultado sen precedentes na historia da democracia española. Non obstante, a Xunta de Galicia desatende de forma manifesta ou mesmo obstaculiza tantas cuestións da cidade.

Hai catro anos, o 6 de xullo de 2015, despois de obter 17 de 27 concelleiros, mantivemos unha entrevista na que asumiches compromisos con esta cidade que, manifestamente, incumpriu o Goberno que presides. Por tanto, véxome na obriga de lembrarche eses acordos esquecidos así como outras cuestións que foron xurdindo estes catro anos.

Axúntoche un dossier coas necesidades máis relevantes no ámbito competencial da Xunta de Galicia en Vigo, a meirande parte, pendentes dende hai anos sen a máis mínima atención e que deben ter resposta por parte do teu Goberno.

En todo caso, ínstote a que procedas a amosar un cambio de actitude con esta cidade tomando con urxencia as seguintes decisións que, ao non ter custo orzamentario, poden iniciarse ou adoptarse de forma inmediata:


1. Retirar a candidatura "Illas Cíes- Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia a Patrimonio da Humanidade" da UNESCO presentada pola Xunta de Galicia co único obxecto de prexudicar a candidatura na que Vigo con "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" leva traballando cinco anos
2. Iniciar o trámite de derogación do artigo 82.4 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación que obriga a Vigo ao abono dos autobuses a cidadáns residentes fóra da cidade
3. Proceder á derogación do artigo 68 do capítulo IX da Lei de acompañamento dos Presupostos de 2017 que obriga ao Concello de Vigo a pagar unha parte do custo de centros de día e de escolas infantís da Xunta de Galicia, recorrido polo Concello
4. Retirar inmediatamente os impedimentos, de exclusiva orixe política, para instalar as ramplas mecánicas na Gran Vía
5. Permitir a aplicación da Lei Vigo 3/2016 para executar os proxectos do pavillón de Matamá e de acceso ao Colexio Párroco don Camilo, paralizadas por razóns exclusivamente políticas

O Alcalde de Vigo

6. Retirar o recurso contencioso administrativo contra a Área Metropolitana de Vigo
7. Derogar a decisión de impoñer ao Concello de Vigo a taxa sobre a presa de Eiras

Estas demandas non empecen a importancia do resto de medidas da lista que se axunta e que deberían aparecer incluídas no presuposto que aprobes o vindeiro ano ou na modificación do actual.

Sen outro particular, recibe un cordial saúdo,



Abel Caballero
Alcalde de Vigo

ANEXO

1. Retirar a candidatura “Illas Cíes- Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia a Patrimonio da Humanidade” da UNESCO presentada pola Xunta de Galicia co único obxecto de prexudicar a candidatura na que Vigo con “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” leva traballando cinco anos
2. Iniciar o trámite de derogación do artigo 82.4 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación que obriga a Vigo ao abono dos autobuses a cidadáns residentes fóra da cidade
3. Cidade do transporte
4. Aplicación Lei Vigo 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese:
 1. Permitir a aplicación da Lei Vigo 3/2016 para executar os proxectos do pavillón de Matamá e de acceso ao Colexio Párroco don Camilo, paralizadas por razóns exclusivamente políticas
 2. Mellora da accesibilidade e seguridade ao colexio público Párroco don Camilo, deixando o boicot á cidade e permitindo a aplicación da Lei 3/2016 para a execución do mesmo
5. Retirar o recurso contencioso administrativo contra a Área Metropolitana de Vigo
6. Captación de auga do Verdugo e conexión co canal de Eiras. Abastecemento transvase de emerxencia. O incumprimento da Xunta de Galicia derivou nun estudo que es está a elaborar co Ministerio. Neste intre seguimos en risco pola paralización do transvase
7. Revisión caudal ecolóxico do río Oitavén na presa de Eiras, solicitado por primeira vez hai 8 anos. Última solicitude o 17 de abril de 2019
8. Obras de mellora da rede de saneamento (bombeos, depósitos, conducións...)
9. Paseo e conca do Lagares. Transferencia con paseo arranxado
10. Asumir con urxencia a construción de solo industrial en Vigo para a expansión da automoción e do sector auxiliar
11. Achega de novos fondos ao Consorcio do Casco Vello para a dinamización da rehabilitación, asignando 3 millóns de euros no orzamento de 2020
12. Atención ao transporte aéreo e promoción exterior de Vigo
13. Transporte público ao aeroporto de Vigo

14. Mellora Meixoeiro. Infraestruturas
15. Melloras novo hospital Álvaro Cunqueiro, gratuidade dos aparcadoiros e cesión dunha parcela para a execución de aparcamento público gratuito por parte do Concello
16. Licitación inmediata das obras do Centro de Saúde de Bouzas no seu proxecto inicial, abandonando a pretendida redución do mesmo
17. Corrección e aprobación do plan parcial de Navía e contratación das obras de urbanización en 2019
18. Humanizacións e melloras nas vías de titularidade autonómica:
 1. AG-57: RED VAC / Enlace (VG-20) – Baiona
 2. Vía acceso a Citroen desde VG-20
 3. PO-323: Red S / Chapela (N-552) – Vigo (Avenida de Galicia)
 4. PO-324: Red S / Ponte Lagares Canido (Rúa Arquitecto Gómez Román e Rúa Canido)
 5. PO-325: Red S / Vigo – A Ramallosa (PO-552) (Avenida Ricardo Mella)
 6. PO-330: Red PC / Vigo – Vincios (PO-331) (Avenida de Castrelos e Estrada de Valadares)
 7. PO-331: Red PC / O Porriño – Gondomar (PO-340) (Estrada de Zamáns)
 8. PO-552 Red PB / Vigo – Tui (Avda. da Florida e Estrada de Camposancos)
 9. PO-371: Puxeiros – O Calvario (Avda. de Ramón Nieto e Avda. da Ponte, dende Urzáiz ata o cruce coa A-551)
19. Participación na construción do novo Estadio de Balaídos achegando as mesmas contías que o Concello e a Deputación de Pontevedra
20. Construción das pistas de atletismo de Balaídos
21. Desbloqueo das obras de humanización da Gran Vía
22. Túnel de Xulián Estévez
23. Túnel de Beiramar. Firma de convenio para o financiamento das obras de soterramento de Beiramar, comprometendo o 85% do investimento no mesmo e devolvendo o proxecto presentado nos últimos anos
24. Melloras nas infraestruturas educativas de Ensino Primario (eliminación de barreiras arquitectónicas, mellora de eficiencia enerxética, cubrición

patios..). Actualmente hai 14 centros en lista de espera para a cubrición dos patios

25. Bolsas de comedor nos centros de Educación Infantil e Primaria
26. Firma de convenio para a construción do novo Instituto en Navia con compromisos orzamentarios claros por parte da Xunta para a execución no menor prazo posible e coa posta a disposición de terreos polo Concello de Vigo
27. Reforzamento da FP en Vigo
28. Accións en política social:
 1. Incremento na dotación orzamentaria para o Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero (CEMVI)
 2. Financiamento integral CEDRO
 3. Financiamento integral de centros de día
 4. Prazas de residencias de persoas maiores
 5. Financiamento estable para o Plan Local de Drogodependencias
29. Plans de emprego. Reparto máis proporcional dos fondos
30. Política e acción cultural:
 1. Apoio á Orquestra Sinfónica de Vigo e á Orquestra Clásica
 2. Financiamento de concertos en Vigo
 3. Apoio ás festas de interese turístico e cultural
31. Cesión á Xunta de Galicia e Vigo Zoo. Instalación supramunicipal